

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

*ORDE do 18 de xuño de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do programa Emega para o fomento do emprendemento feminino en Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento SI429A).*

**XUNTA  
DE GALICIA****CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA SOCIAL  
E IGUALDADE****Cofinanciado pola  
Unión Europea****Fondos Europeos**

No marco do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, correspóndelle á Consellería de Política Social e Igualdade promover e adoptar medidas encamiñadas á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes. Concretamente, a través da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, correspóndelle, entre outras, a función de propoñer medidas, programas e normas dirixidas á promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, a incrementar a súa participación na vida económica, laboral, política, social e cultural, e a eliminar as discriminacións existentes entre sexos.

Neste ámbito, apoiar o apoderamento económico e social das mulleres fomentando o emprendemento feminino é unha das liñas básicas de actuación da Xunta de Galicia no marco da igualdade de oportunidades; a importancia desta actuación e a súa necesidade recóllense de xeito expreso na normativa autonómica, en particular, no título III, capítulo III, da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Esta prioridade de actuación recóllese de forma transversal e singularizada no Plan estratéxico de Galicia 2021-2030, así como no VIII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, no cal, no seu ámbito 1. Empregabilidade, emprendemento e eliminación da fenda salarial e, máis concretamente, na liña de acción 1.1.1. Desenvolvemento de accións formativas dirixidas á mellora da empregabilidade e á capacitación para a actividade emprendedora, recolle como obxectivo o fomento do emprendemento feminino. Pola súa vez, o III Programa galego de muller e ciencia tamén recolle como obxectivo e medida específica a promoción do emprendemento feminino no ámbito da investigación, ciencia e tecnoloxía.



Neste contexto, o programa Emega consolídase como medida específica para o fomento do emprendemento feminino; comprende un conxunto de axudas dirixidas a apoiar a posta en marcha (modalidades Emerxe e Innova) ou a mellora e a reactivación (modalidade Impulsa) de iniciativas empresariais constituídas por mulleres, incentivando a creación de emprego por conta propia e por conta allea para mulleres, xunto con medidas complementarias para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral (axuda complementaria Concilia), así como o acceso a servizos específicos de información, asesoramento e orientación empresarial co obxecto de facilitar a implantación e consolidación dos seus proxectos empresariais.

Configúrase como medio axeitado para a promoción, a participación e a progresión das mulleres no mercado de traballo e no desenvolvemento da súa actividade profesional, así como para aproveitar a súa potencialidade e as novas oportunidades de negocio, singularmente, no terreo da innovación (I+D+i), das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) e no medio rural; co fin de promover unha maior participación na actividade económica e laboral, así como para contribuír a un crecemento intelixente, sustentable e integrador sen desigualdades entre mulleres e homes, a unha maior cohesión social e territorial e á revitalización demográfica en Galicia.

Este programa presta un especial apoio ás mulleres que emprenden no rural, ás maiores de 55 anos e a aquelas que desenvolven a súa actividade empresarial en sectores tradicionalmente masculinizados mediante a valoración específica destas situacións.

Tamén se fomenta a colaboración e o traballo en rede entre as mulleres que desenvolvan iniciativas emprendedoras a través de encontros, titorizacións e mentorizacións que poidan crear sinerxías e apoios cara a futuros emprendementos conxuntos.

O 8 de abril de 2022 o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, o Consello da Xunta aprobou o 3 de febreiro de 2025 o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e da sociedade galegas. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e os esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a tres prioridades temáticas transversais, e, pola outra, reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de cinco obxectivos estratéxicos, ao redor dos cales articula os instrumentos e as actuacións que se van desenvolver integrados nos correspondentes programas.



Os instrumentos, os apoios e as actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. Estes instrumentos poden ser horizontais en relación cos retos e as prioridades da RIS3. O obxectivo estratéxico 2 aposta por incrementar o número de empresas innovadoras e facilitar que as máis pequenas incorporen a innovación nas diferentes etapas do seu proceso produtivo.

En consecuencia, esta convocatoria enmárcase na RIS3 de Galicia 2021-2027 respondendo aos tres retos e ás tres prioridades. Busca fomentar o emprendemento feminino en Galicia en liña co obxectivo estratéxico 2, integrándose polo tanto no programa Innova e emprende da RIS3 de Galicia e no programa Innovación e emprendemento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

Esta convocatoria está cofinanciada pola Unión Europea nun 60 % no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, polo que é de aplicación e se dá debido cumprimento ao previsto no Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como ás normas financeiras para os ditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de apoio financeiro á xestión de fronteiras e a política de visados; no Regulamento (UE) nº 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, polo que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo que se derroga o Regulamento (UE) nº 1296/2013, e na Orde TES/106/2024, do 8 de febreiro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo Plus durante o período de programación 2021-2027.

Nesta convocatoria incorpórase o uso de opcións de custos simplificados conforme o disposto no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021.

As axudas previstas no programa Emega están sometidas ao réxime *de minimis* nos termos establecidos no Regulamento (UE) núm. 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L, do 15 de decembro). As bases reguladoras e a convocatoria destas axudas axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño); no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións



de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro); no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (DOG núm. 214, do 5 de novembro) e, no que resulte de aplicación, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro), e no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (BOE núm. 176, do 25 de xullo).

Por todo o exposto, en uso das atribucións que me foron conferidas,

**RESOLVO:**

**Artigo 1. Obxecto**

1. Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras das axudas do programa Emega para fomentar o emprendemento feminino en Galicia e proceder á súa convocatoria no ano 2026 (código de procedemento SI429A).

2. O programa Emega comprende un conxunto de axudas dirixidas a apoiar a posta en marcha, a mellora e a reactivación de iniciativas empresariais constituídas por mulleres, xunto con medidas complementarias para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, así como o acceso a servizos específicos de información, de asesoramento e de orientación empresarial co obxecto de facilitar a implantación e a consolidación dos proxectos empresariais promovidos por mulleres.

Este programa presta un especial apoio ás mulleres que emprenden no rural, ás maiores de 55, a aquelas que desenvolven a súa actividade empresarial en sectores tradicionalmente masculinizados, así como ás que teñen especiais dificultades de inserción laboral.

3. O programa Emega comprende as seguintes modalidades de axuda:

a) Emega Emerxe: liña de axudas económicas mediante incentivos para promover a posta en marcha de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego feminino estable por conta propia e allea.

b) Emega Impulsa: liña de axudas económicas mediante incentivos para favorecer a reactivación, a consolidación de empresas constituídas por mulleres, ou a implantación de medidas innovadoras para a mellora da competitividade, dirixidas a paliar unha situación económica adversa, e que resulten necesarias para o mantemento do emprego por conta propia e por conta allea, así como para acadar o necesario equilibrio empresarial e



asegurar a súa pervivencia, a consolidación e a mellora. En ningún caso as ditas medidas poderán consistir na destrución do emprego existente por conta propia e allea.

c) Emega Innova: liña de axudas económicas mediante incentivos para impulsar a implantación de iniciativas empresariais de carácter innovador, con contido científico ou con base tecnolóxica, promovidas por mulleres e que supoñan a creación de emprego feminino estable por conta propia e allea.

d) Emega Concilia: axuda complementaria das modalidades Emerxe, Impulsa e Innova para promover a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, nas súas dúas modalidades: Concilia-promotoras e Concilia-persoas traballadoras por conta allea.

4. O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co sinalado no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. A súa xestión realizarase de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

## Artigo 2. *Financiamento*

1. Para o financiamento das axudas previstas nesta convocatoria destínase crédito por importe total de catro millóns novecentos corenta e catro mil seiscentos sesenta euros (4.944.660,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 08.07.313B.470.0, código de proxecto 2023 00091, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

2. Estas axudas están cofinanciadas nun 60 % pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, no obxectivo político 4: Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais; prioridade 1: Emprego, adaptabilidade, emprendemento e economía social; obxectivo específico ES04.3: Promover unha participación equilibrada de xénero no mercado laboral, unhas condicións de traballo iguais e unha mellora do equilibrio entre a vida laboral e a familiar, en particular, mediante o acceso a servizos de gardaría accesibles e de atención a persoas dependentes, e medida 1.C.01: Programa de fomento do emprendemento feminino (programa Emega).

3. O importe máximo inicial do crédito destinado ás axudas obxecto desta convocatoria poderá ser ampliado en función das solicitudes e das dispoñibilidades orzamentarias, nos



supostos e nas condicións previstas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O incremento do importe queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda, logo de informe favorable por parte do organismo intermedio do programa FSE+ Galicia 2021-2027 (actualmente, a Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos). A ampliación de crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria, sen que isto implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

### Artigo 3. *Réxime das axudas*

1. As axudas establecidas nesta orde quedan sometidas ao réxime *de minimis* nos termos establecidos no Regulamento (UE) núm. 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L, do 15 de decembro). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión da subvención.

Polo tanto, a axuda total *de minimis* concedida a unha única empresa, tendo en conta a definición establecida no artigo 2.2 do Regulamento (UE) 2023/2831, do 13 de decembro de 2023, non será superior a 300.000 euros durante calquera período de tres anos.

2. As axudas sometidas ao réxime *de minimis* non poderán concederse ás empresas, actividades e supostos seguintes:

- a) Empresas dedicadas á produción primaria de produtos da pesca e da acuicultura.
- b) Empresas dedicadas á transformación e á comercialización de produtos da pesca e da acuicultura cando o importe da axuda se determine en función do prezo ou da cantidade de produtos adquiridos ou comercializados.
- c) Empresas dedicadas á produción primaria de produtos agrícolas.
- d) Empresas dedicadas á transformación e á comercialización de produtos agrícolas, nos casos seguintes: d.1) Cando o importe da axuda se determine en función do prezo ou da cantidade de produtos deste tipo adquiridos a produtores primarios ou comercializados polas empresas interesadas; d.2) Cando a axuda estea supeditada á súa repercusión, total ou parcial, aos produtores primarios.
- e) Actividades relacionadas coa exportación a países terceiros ou Estados membros, en concreto as axudas directamente vinculadas ás cantidades exportadas, ao establecemento



e á explotación dunha rede de distribución ou a outros gastos correntes relacionados coa actividade exportadora.

f) As axudas condicionadas á utilización de produtos e servizos nacionais fronte a produtos e servizos importados.

#### Artigo 4. *Compatibilidade e concorrencia*

1. As subvencións establecidas nesta orde para as modalidades Emerxe, Impulsa e Innova son incompatibles entre si, e dentro de cada modalidade soamente poderán ser beneficiarias dun único incentivo. Estes incentivos son compatibles coa axuda complementaria Emega Concilia prevista nesta orde.

2. Así mesmo, as axudas do programa Emega son incompatibles coas establecidas para a mesma finalidade e concepto nos distintos programas de promoción do emprego autónomo, de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais, de iniciativas de emprego e de iniciativas de emprego de base tecnolóxica convocadas pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, así como con outras axudas que para a mesma finalidade e concepto poidan outorgar outros órganos ou entidades da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou outras administracións públicas ou entidades privadas.

3. Tamén son incompatibles coas subvencións á contratación por conta allea convocadas pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, outros órganos ou entidades da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou calquera outra Administración pública, agás que xa rematase o período de mantemento do emprego exixido na correspondente convocatoria. De ser o caso, a contratación subvencionada a través de incentivos á contratación por conta allea non se poderá ter en conta para os efectos do programa Emega.

#### Artigo 5. *Beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias das axudas do programa Emega as empresas privadas formadas por mulleres que inicien a súa actividade económica ou formalicen o seu plan de reactivación e/ou mellora no período comprendido entre o 14 de agosto de 2025 e a data da fin do prazo de presentación de solicitudes determinado no artigo 10.1, sempre que cumpran todas as condicións e os requisitos comúns e os específicos da correspondente modalidade ou tipo de axuda previstos nesta orde, así como na normativa xeral de subvencións, en particular, as exixencias establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no seu regulamento.



Cando se trate de empresarias individuais, a solicitude deberá ser presentada pola traballadora autónoma.

Cando a actividade empresarial sexa realizada por unha sociedade civil, comunidade de bens, entidade sen personalidade xurídica, sociedade mercantil, cooperativa ou sociedade laboral, a solicitude de subvención deberá ser presentada por esta, e non serán válidas nin admisibles as solicitudes presentadas polas socias ou comuneiras a título persoal.

En todo caso, unha mesma persoa non pode solicitar a axuda como empresaria individual e ao mesmo tempo formar parte dunha empresa de tipo societario que tamén solicita a axuda.

## 2. Requisitos comúns a todas as modalidades de axuda:

a) Trátase dunha empresa privada coa categoría de microempresa ou pequena empresa validamente constituída baixo calquera forma xurídica segundo o sinalado na letra b) deste artigo.

Para estes efectos, teñen a categoría de microempresas as unidades económicas que ocupan menos de dez (10) persoas e cuxo volume de negocio anual ou balance xeral anual non supere os dous millóns de euros; e de pequena empresa, as unidades económicas que ocupan menos de 50 persoas e cuxo volume de negocio anual ou balance xeral anual non supere os dez (10) millóns de euros.

Non poderán ser beneficiarias destas axudas as entidades sen ánimo de lucro, as empresas públicas e as empresas participadas por outra entidade con personalidade xurídica, agás que se trate de participacións minoritarias de carácter temporal ou préstamos participativos a través dalgún instrumento de apoio financeiro á iniciativa emprendedora, acordos coa previsión contida no capítulo IV do título II da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

b) A actividade mercantil pode ser realizada por empresarias individuais, sociedades civís, comunidades de bens, entidades sen personalidade xurídica ou sociedades mercantís, incluídas as sociedades laborais, as cooperativas de traballo asociado e as sociedades profesionais.

Nas empresas de tipo societario, a administración da empresa teñen que exercela exclusivamente mulleres. Ademais, o capital social estará maioritariamente subscrito por mu-



lles, no caso de pequenas empresas, e integramente subscrito por elas cando se trate de microempresas, agás que a participación proveña de instrumentos de apoio financeiro á actividade emprendedora consonte o sinalado no último parágrafo da letra anterior. Polo tanto, a participación destes instrumentos de apoio financeiro terase en conta, xunto coas achegas delas, para os efectos de verificar o cumprimento do requisito exixido neste artigo relativo á titularidade maioritaria ou, se é o caso, íntegra do capital social.

Excepcionalmente, no caso da modalidade Emega Innova, calquera que sexa o tamaño da empresa, admitirase a participación de persoas que colaboraron no desenvolvemento do proxecto de investigación base da iniciativa empresarial, sempre que a maioría do capital social sexa titularidade das mulleres emprendedoras e a administración da empresa a exerzan exclusivamente mulleres.

c) Ter domicilio social e fiscal, así como establecemento de produción ou comercial en Galicia.

d) Todas as promotoras das empresas beneficiarias das axudas, con independencia do seu grao de participación no capital social da empresa, deben estar de alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional e estar vinculadas laboralmente á empresa, desenvolvendo de forma habitual a súa actividade profesional nela.

Para os efectos deste programa, non se terán en conta as autónomas colaboradoras.

e) Para os efectos deste programa, os postos de traballo por conta allea con contrato indefinido a tempo parcial só se terán en conta cando a xornada de traballo non sexa inferior ao 50 % da xornada ordinaria de traballo establecida legalmente ou no convenio colectivo que lle sexa de aplicación.

Así mesmo, os postos de traballo por conta allea con contrato indefinido para a realización de traballos de carácter fixo discontinuo só se terán en conta cando a duración da actividade da traballadora non sexa inferior a nove (9) meses nun período de doce (12) meses.

f) Ter iniciado a actividade económica e a actividade laboral nos termos exixidos para cada modalidade de axuda nesta orde.



Para estes efectos, o inicio do exercicio efectivo da actividade económica acreditarase mediante a xustificación da alta no imposto de actividades económicas (IAE); e o inicio da actividade laboral mediante a acreditación da alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou, de ser o caso, na mutualidade de colexio profesional.

g) A iniciativa ou o proxecto empresarial debe ter viabilidade técnica, económica e financeira, o que deberá quedar reflectido no plan de negocio empresarial.

h) Non encontrarse en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A acreditación de non estar incurso en ningunha delas realizarase mediante declaración responsable da persoa interesada.

i) Non ter percibido axudas do programa Emega ao abeiro das convocatorias dos últimos cinco anos (2021, 2022, 2023, 2024 e 2025). En todo caso, non se poderá percibir a axuda Emega ao abeiro de máis de dúas convocatorias.

j) Para subvencións de importe superior a 30.000 euros, as persoas físicas e xurídicas suxeitas á Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, deberán acreditar que cumpren os prazos de pagamento que se establecen na citada lei. Esta acreditación realizarase nos termos dispostos no punto 13.3.bis da Lei 38/2003, do 17 de novembro, con anterioridade á proposta de resolución de concesión, logo de requirimento do órgano instrutor.

3. Para seren beneficiarias, os requisitos e as condicións comúns e específicos de cada modalidade deberán cumprirse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse durante o período mínimo de permanencia da actividade e do mantemento dos postos de traballo (18 meses), de acordo co disposto no artigo 24.

#### Artigo 6. *Emega Emerxe: requisitos específicos e contía dos incentivos*

1. Poderán acollerse aos incentivos da modalidade Emega Emerxe as empresas de nova creación constituídas por mulleres sempre que, ademais dos requisitos e das condicións xerais e comúns para obter a condición de beneficiaria relacionados no artigo 5, cumpran os seguintes requisitos específicos:

a) O inicio da actividade económica para a cal solicita a axuda ten que producirse no período comprendido entre o 14 de agosto de 2025 e a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes ao abeiro desta convocatoria, ambos os dous incluídos.



b) Ten que supor a creación dos postos de traballo de todas as promotoras.

c) As promotoras antes do inicio da actividade laboral deben estar desempregadas. No caso de empresas constituídas por máis dunha promotora, esta condición deberá cumprila, como mínimo, o 50 % das promotoras.

Para estes efectos, entenderase por persoa desempregada aquela que careza de ocupación durante un período mínimo dun mes inmediatamente anterior á data de efectos da alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou na mutualidade de colexio profesional, segundo os datos que consten no informe de vida laboral emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social e, se é o caso, no certificado da mutualidade do colexio profesional.

d) A alta de todas as promotoras no correspondente réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional deberá formalizarse no período comprendido entre o 14 de agosto de 2025 e a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes ao abeiro desta convocatoria, ambos os dous incluídos.

No caso de creación de emprego para traballadoras por conta allea, para que poidan ser tidas en conta para os efectos desta convocatoria, a correspondente alta na Seguridade Social deberá formalizarse no prazo comprendido desde o 14 de agosto de 2025 e ata, como máximo, a data de finalización do prazo de xustificación da axuda.

e) Non ter desenvolvido actividade empresarial nos tres anos inmediatamente anteriores á data de efectos da alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou na mutualidade de colexio profesional da nova actividade para a cal se solicita a axuda, segundo os datos que consten no informe de vida laboral emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social e, se é o caso, no certificado da mutualidade do colexio profesional.

2. A contía dos incentivos da modalidade Emega Emerxe determínase en atención ao número de postos de traballo creados con carácter estable para mulleres, por conta propia ou por conta allea, de acordo coa seguinte escala:

a) Incentivo de 10.000 euros ás empresas que creen o posto de traballo da promotora.

b) Incentivo de 16.000 euros ás empresas que creen dous postos de traballo para mulleres, por conta propia ou por conta allea con contrato indefinido, incluíndo o da promotora ou promotoras.



c) Incentivo de 20.000 euros ás empresas que creen tres postos de traballo para mulleres, por conta propia ou por conta allea con contrato indefinido, incluíndo o da promotora ou promotoras.

d) Incentivo de 22.000 euros ás empresas que creen catro ou máis postos de traballo para mulleres, por conta propia ou por conta allea con contrato indefinido, incluíndo o da promotora ou promotoras.

3. Para a determinación dos importes dos incentivos previstos neste artigo e a súa xustificación, empregouse un método de custos simplificados consonte o disposto nos artigos 53.1.b) (custos unitarios) e 53.3.a).i) do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, tomando como referencia os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) relativos ao custo salarial total por persoa traballadora en Galicia para o ano 2025.

#### Artigo 7. *Emega Impulsa: requisitos específicos e contía dos incentivos*

1. Poderán acollerse aos incentivos da modalidade Emega Impulsa as empresas constituídas por mulleres que presenten un proxecto de reactivación para o mantemento do emprego e para asegurar o necesario equilibrio empresarial ou un proxecto de mellora sempre que, ademais dos requisitos e das condicións xerais e comúns para obter a condición de beneficiaria relacionados no artigo 5, cumbran os seguintes requisitos específicos:

a) No mes de finalización do prazo de presentación de solicitudes, debe acreditarse un período mínimo de tres anos de realización efectiva da actividade empresarial. Entenderase cumprido este requisito cando existan períodos de inactividade, que, en total, non superen os tres meses e tamén no caso de empresas de tipo societario que non teñen este período mínimo de actividade cando as súas promotoras desenvolvesen actividade por conta propia como mínimo nos tres anos inmediatamente anteriores á súa constitución.

b) Os proxectos de reactivación e de consolidación ou de mellora deberán recollerse no plan de negocio empresarial e deberán consistir nalgunha das seguintes medidas:

- Cambio de localización da actividade.
- Acondicionamento ou renovación das instalacións.
- Renovación do equipamento informático e/ou aplicacións informáticas.



- Compra de maquinaria e/ou ferramentas.
  - Implantación de novas tecnoloxías para a comercialización dos produtos ou servizos.
- c) No caso de creación de emprego para traballadoras por conta allea, para que poidan ser tidas en conta para os efectos desta convocatoria, a correspondente alta na Seguridade Social deberá formalizarse no prazo comprendido desde o 14 de agosto de 2025 e ata, como máximo, a data de finalización do prazo de xustificación da axuda.

2. A contía dos incentivos da modalidade Emega Impulsa determínase en atención ao número de postos de traballo existentes na empresa, ocupados por mulleres, como consecuencia do mantemento ou do incremento do emprego preexistente, por conta propia ou por conta allea, de acordo coa seguinte escala:

a) Incentivo de 8.000 euros ás empresas que manteñan o posto de traballo da promotora.

b) Incentivo de 12.000 euros ás empresas con dous postos de traballo para mulleres, por conta propia ou por conta allea con contrato indefinido, incluíndo o da promotora ou promotoras.

c) Incentivo de 14.000 euros ás empresas con tres postos de traballo para mulleres, por conta propia ou por conta allea con contrato indefinido, incluíndo o da promotora ou promotoras.

d) Incentivo de 17.000 euros ás empresas con catro ou máis postos de traballo para mulleres, por conta propia ou por conta allea con contrato indefinido, incluíndo o da promotora ou promotoras.

3. Para a determinación dos importes dos incentivos previstos neste artigo e a súa xustificación, empregouse un método de custos simplificados consonte o disposto nos artigos 53.1.b) (custos unitarios) e 53.3.a).i) do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, tomando como referencia os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) relativos ao custo salarial total por persoa traballadora en Galicia para o ano 2025.

#### Artigo 8. *Emega Innova: requisitos específicos e contía dos incentivos*

1. Poderán acollerse aos incentivos da modalidade Emega Innova as empresas de nova creación que respondan a un proxecto empresarial de carácter innovador, no eido da in-



vestigación e da tecnoloxía, constituídas por mulleres sempre que, ademais dos requisitos e das condicións xerais e comúns para obter a condición de beneficiaria relacionados no artigo 5, cumpran os seguintes requisitos específicos:

a) O inicio da actividade económica ten que producirse no período comprendido entre o 14 de agosto de 2025 e a data da fin do prazo de presentación de solicitudes ao abeiro desta convocatoria, ambos os dous incluídos.

b) A actividade, o proceso, o produto ou o servizo que vaian desenvolver debe ter un claro carácter innovador, con alto contido científico ou tecnolóxico, ter como obxectivo principal a aplicación de desenvolvementos tecnolóxicos no ámbito produtivo, de novo coñecemento aplicado, de resultados do avance científico e de I+D+i, ou nos cales a presenza de elementos intanxibles xeradores de valor sexa especialmente importante.

c) Ten que supor a creación dos postos de traballo de todas as promotoras.

d) As promotoras antes do inicio da actividade laboral deben estar desempregadas. No caso de empresas constituídas por máis dunha promotora, esta condición deberá ser cumprida, como mínimo, polo 50 % das promotoras.

Para estes efectos, entenderase por persoa desempregada aquela que responda á definición contida no artigo 6.1.c).

e) A alta das promotoras no correspondente réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional deberá formalizarse no período comprendido entre o 14 de agosto de 2025 e a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes ao abeiro desta convocatoria, ambos os dous incluídos.

No caso de creación de emprego para traballadoras por conta allea, para que poidan ser tidas en conta para os efectos desta convocatoria, a correspondente alta na Seguridade Social deberá formalizarse no prazo comprendido desde o 14 de agosto de 2025 e ata, como máximo, a data de finalización do prazo de xustificación da axuda.

f) Como mínimo, a promotora ou unha delas, cando sexan varias, debe ser unha persoa con titulación universitaria en calquera das áreas de coñecemento en que se basea a iniciativa empresarial.

g) Non ter desenvolvido actividade empresarial nos tres anos inmediatamente anteriores á data de efectos da alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou na mutua-



lidade de colexio profesional da nova actividade para a cal se solicita a axuda, segundo os datos que consten no informe de vida laboral emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social e, se é o caso, no certificado da mutualidade do colexio profesional.

2. A contía dos incentivos da modalidade Emega Innova determínase en atención ao número de postos de traballo creados con carácter estable para mulleres, por conta propia ou por conta allea con contrato indefinido, de acordo coa seguinte escala:

a) Incentivo de 18.000 euros ás empresas que creen o posto de traballo da promotora.

b) Incentivo de 27.000 euros ás empresas que creen dous postos de traballo para mulleres, por conta propia ou por conta allea con contrato indefinido, incluíndo o da promotora ou promotoras.

c) Incentivo de 32.000 euros ás empresas que creen tres postos de traballo para mulleres, por conta propia ou por conta allea con contrato indefinido, incluíndo o da promotora ou promotoras.

d) Incentivo de 42.000 euros ás empresas que creen catro ou máis postos de traballo para mulleres, por conta propia ou por conta allea con contrato indefinido, incluíndo o da promotora ou promotoras.

3. Para a determinación dos importes dos incentivos previstos neste artigo e a súa xustificación, empregouse un método de custos simplificados consonte o disposto nos artigos 53.1.b) (custos unitarios) e 53.3.a).i) do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, tomando como referencia os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) relativos ao custo salarial total por persoa traballadora en Galicia para o ano 2025.

#### Artigo 9. *Emega Concilia: obxecto, modalidades e contía dos incentivos*

1. A Emega Concilia é unha axuda complementaria das modalidades Emerxe, Impulsa e Innova, que ten por obxecto favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral ou profesional, tanto das promotoras como das persoas traballadoras incorporadas á empresa, coas seguintes modalidades: Concilia-promotoras e Concilia-persoas traballadoras por conta allea.

Os incentivos previstos para esta axuda só poderán concederse a aquelas empresas que os soliciten expresamente e que resulten beneficiarias de subvención por calquera das modalidades Emerxe, Impulsa e Innova previstas nesta convocatoria.



2. A modalidade Concilia-promotoras consiste nun incentivo de 3.000 euros por empresa, sempre que forme parte dela algunha promotora con filla/s ou fillo/s que na data de finalización do prazo de xustificación da axuda sexan menores de tres anos.

3. A modalidade Concilia-persoas traballadoras por conta allea consiste nun incentivo, por importe máximo de 5.000 euros por empresa, sempre que se solicite expresamente e se opte por un dos seguintes supostos:

a) Formalización dun acordo ou pacto de conciliación para todo o cadro de persoal da empresa, coas persoas traballadoras ou representantes sindicais e vinculante para as partes, ou ter un plan de igualdade vixente, para a implantación de novos sistemas de organización do traballo para favorecer a conciliación e a corresponsabilidade, que conteñan medidas que permitan unha maior adaptación dos tempos de traballo e a flexibilización horaria para as persoas traballadoras por conta allea e que non estean xa recollidas como obrigatorias na lexislación vixente. Neste suposto o incentivo será de 4.000 euros por empresa.

O acordo ou pacto de conciliación deberá recoller, polo menos, cinco dalgunha das medidas que se relacionan a continuación:

- Horario flexible de entrada e/ou saída nunha marxe de, como mínimo, 30 minutos.
- Xornada intensiva os venres e/ou en determinadas datas (Nadal, Semana Santa, etc.).
- Xornada intensiva nos meses de verán.
- Bolsa de horas ou posibilidade de concentrar máis número de horas nun determinado día ou período concreto e así acumular horas de libre disposición.
- Posibilidade de elixir ou cambiar quendas.
- Posibilidade de reducir o tempo de comida e adiantar a hora de saída.
- Vacacións flexibles.
- Ampliación dos permisos por nacemento e adopción, lactación e paternidade por riba dos previstos na lexislación.



– Permisos retribuídos por coidados (acompañamento a consultas médicas ou enfermidade de fillos/as ou persoas dependentes).

b) Empresas que asinen acordos de teletraballo, formalizados de xeito individual, co persoal vinculado á empresa con contrato laboral. O incentivo neste caso será de 1.000 euros por persoa traballadora por conta allea cun máximo de 5.000 euros por empresa.

Para os efectos desta orde, considerarase teletraballo aquel que se preste no domicilio da persoa traballadora ou no lugar elixido por esta, como mínimo, o 30 % da xornada nun período de referencia de tres meses.

O acordo individual de teletraballo reflectirá, como mínimo, as condicións en que se desenvolverá a prestación laboral e axustarase ao establecido no artigo 7 da Lei 10/2021, do 9 de xullo, de traballo a distancia.

4. Tanto os acordos ou os pactos de conciliación coma os acordos individuais de teletraballo teñen que constar por escrito e estar formalizados, como máximo, na data da fin do prazo de xustificación da axuda, así como estar vixentes, cando menos, durante o período mínimo de permanencia da actividade segundo o establecido no artigo 24.

5. Para a determinación dos importes dos incentivos previstos neste artigo e a súa xustificación, empregouse un método de custos simplificados consonte o disposto nos artigos 53.1.b) (custos unitarios) e 53.3.a.i) do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.

#### Artigo 10. *Presentación de solicitudes e prazo*

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes do vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último do mes.

2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>



De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e de sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Con base no disposto no artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, en relación co disposto no artigo 10.3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, considérase que o colectivo a que van dirixidas estas axudas, empresarias individuais e empresas societarias constituídas por mulleres, ten acceso e dispoñibilidade aos medios electrónicos necesarios.

3. De acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberá nomearse un/unha representante ou apoderado/a único/a da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da citada lei.

Os compromisos de execución asumidos por cada persoa membro da agrupación, así como o importe da subvención, que se aplicará por cada unha delas, serán os derivados do grao de participación na entidade segundo conste no seu documento de constitución e no anexo I de solicitude.

#### Artigo 11. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) Anexo II (relación da/das traballadora/s por conta allea): só para o caso de que a solicitante inclúa a/as traballadora/s por conta allea con contrato indefinido existentes na empresa e/ou o compromiso de creación de postos de traballo por conta allea para mulleres con contrato indefinido para os efectos da valoración e da determinación da contía da axuda.



b) Anexo II.bis (comprobación de datos das promotoras): no caso das promotoras das sociedades civís, entidades sen personalidade xurídica, comunidades de bens e sociedades mercantís, consulta dos datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas indicados nos números 1.f), 1.h) e 2.b) do artigo 13.

c) Anexo III: para o caso das sociedades civís, entidades sen personalidade xurídica e comunidades de bens, ademais da declaración de axudas referida á empresa no anexo I, deberán presentar unha declaración de axudas por cada unha das promotoras a título individual no modelo anexo III.

d) Emega Emerxe: plan de negocio empresarial no modelo anexo IV.

e) Emega Impulsa: plan de negocio empresarial no modelo anexo V.

f) Emega Innova: plan de negocio empresarial no modelo anexo VI.

g) Documento de constitución da sociedade civil, da entidade sen personalidade xurídica, da comunidade de bens ou da sociedade mercantil, así como a documentación acreditativa de representación suficiente para actuar en nome da entidade. No caso de que se producisen variacións na titularidade e/ou composición do capital social, deberán presentar o/os documento/s que acrediten o grao de participación que se indique no anexo I.

h) Certificación de situación no censo de actividades económicas da AEAT (alta no IAE) correspondente ao exercicio 2026 na que figure, entre outros, a data de alta, o domicilio fiscal e social e a localización do establecemento comercial ou de produción. No caso de que non figure a localización do establecemento comercial ou de produción, para a valoración dos criterios establecidos no artigo 17.1.4 e 17.1.5 terase en conta o domicilio fiscal. Esta certificación pode obterse na seguinte ligazón:

<https://sede.agenciatributaria.gob.es/Sede/procedimientoini/G309.shtml>

i) De ser o caso, documento de alta na mutualidade de colexio profesional.

j) Informe da vida laboral actualizado das promotoras emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social e, de ser o caso, tamén o certificado da mutualidade do colexio profesional con indicación dos períodos de alta nela.

k) Para o caso de promotoras vítimas de violencia de xénero, documentación acreditativa desta situación segundo o previsto no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.



l) Para o caso de promotoras cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, certificación acreditativa desta situación no caso de que esta non fose emitida pola Xunta de Galicia.

m) Informe de vida laboral de todos os códigos de cotización da empresa que comprenda o período abranguido entre o 14 de agosto de 2025 e ata a actualidade ou, no caso de non ter persoal asalariado, o informe negativo de inscrición como empresario no sistema da Seguridade Social.

n) Emega Innova: un breve currículo de todas as promotoras, acompañado da copia do título universitario oficial de cada unha delas.

ñ) Axuda complementaria Concilia-promotoras: copia do libro de familia ou do certificado da inscrición da/do nacida/o no correspondente rexistro civil.

o) Axuda complementaria Concilia-persoas traballadoras por conta allea, para o suposto previsto na letra a) do artigo 9.3: copia do plan de igualdade vixente ou do acordo ou pacto de conciliación ou, no caso de non estar aínda formalizado na data da presentación da solicitude, unha memoria asinada pola solicitante que recolla a proposta das medidas de conciliación que se pretenden implantar na empresa.

p) Axuda complementaria Concilia-persoas traballadoras por conta allea, para o suposto previsto na letra b) do artigo 9.3: copia dos acordos de teletraballo ou, no caso de non estar aínda formalizados na data da presentación da solicitude, unha memoria asinada pola solicitante que recolla a proposta dos termos e contidos do teletraballo, con indicación do número de acordos que se van formalizar.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderase solicitar novamente á persoa interesada a súa achega.



3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

4. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

6. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 12. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 13. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- c) DNI ou NIE da persoa representante.



d) NIF da entidade representante.

e) Certificacións de estar ao día no pagamento coa AEAT para seren beneficiarias de subvencións, coa Seguridade Social e coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes á entidade ou á persoa física solicitante.

f) Certificacións de estar ao día no pagamento coa AEAT para seren beneficiarias de subvencións, coa Seguridade Social e coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ás promotoras das sociedades civís, das entidades sen personalidade xurídica e das comunidades de bens solicitantes.

g) Comprobación de subvencións e axudas públicas concedidas correspondentes á entidade ou persoa física solicitante.

h) Consulta de subvencións e axudas públicas afectas pola regra *de minimis* correspondentes á entidade ou persoa física solicitante.

i) Comprobación de subvencións e axudas públicas concedidas correspondentes ás promotoras das sociedades civís, das entidades sen personalidade xurídica e das comunidades de bens solicitantes.

j) Consulta de subvencións e axudas públicas afectas pola regra *de minimis* correspondentes ás promotoras das sociedades civís, das entidades sen personalidade xurídica e das comunidades de bens solicitantes.

2. Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

a) Certificado do grao de discapacidade emitido pola Xunta de Galicia correspondente á persoa física solicitante.

b) Certificado do grao de discapacidade emitido pola Xunta de Galicia correspondente ás promotoras das sociedades civís, comunidades de bens, entidades sen personalidade xurídica e sociedades mercantís solicitantes.

c) Certificado do grao de discapacidade emitido pola Xunta de Galicia correspondente ás traballadoras por conta allea.



3. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente (anexos I, II.bis e IX.bis) e achegar os documentos. Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

5. Dado que estas subvencións están cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027 (actualmente a Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos), autorízase o organismo intermedio do programa FSE+ Galicia 2021-2027 para consultar a información da Administración pública competente relativa ao cumprimento do mantemento do emprego e da permanencia mínima da actividade empresarial.

#### Artigo 14. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

O incumprimento desta obriga determinará, de ser o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.

#### Artigo 15. *Emenda da solicitude*

1. Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación exixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente requirirá a persoa solicitante para que, no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desistiu da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5 da



Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, logo de que se dite resolución nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os citados requirimentos de emenda faranse mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a cal producirá os mesmos efectos da notificación.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución poderáselle requirir á persoa solicitante que achegue a información e a documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

#### Artigo 16. *Instrución dos procedementos e Comisión de Valoración*

1. A instrución do procedemento previsto nesta orde correspóndelle á Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade.

Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, os expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos serán remitidos á Comisión de Valoración.

2. De conformidade co establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as solicitudes serán examinadas por unha comisión de valoración, coa seguinte composición:

– Presidencia: a persoa titular da Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade ou persoa que a substitúa.

– Secretaría: a persoa titular do Servizo de Fomento e Promoción da Igualdade.

– Vogal: a persoa titular do Servizo de Programación, Cooperación Institucional e Planificación.

No caso de ausencia dalgunha das persoas que integran a Comisión de Valoración, esta será substituída pola persoa funcionaria designada pola presidencia da Comisión.

3. A Comisión de Valoración poderá requirir ás persoas solicitantes das subvencións información ou documentación adicional que, non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e relación directa para unha mellor valoración das solicitudes.



4. Avaliadas as solicitudes seguindo os criterios e as pautas de baremación establecidos no artigo 17 e tendo en conta o crédito dispoñible, a Comisión de Valoración emitirá un informe segundo o cal o órgano instrutor formulará proposta de resolución ao órgano competente para resolver a concesión ou a denegación da subvención solicitada, propondrá a concesión de subvención segundo a orde de baremación e polo importe da axuda que corresponda, ata esgotar o crédito dispoñible.

No caso de existiren solicitudes susceptibles de axuda, pero que non se inclúen na proposta de concesión anterior por terse esgotado o crédito dispoñible, quedarán en lista de espera por orde de puntuación para seren atendidas a través do crédito que quedase sen comprometer por producirse algunha renuncia ou ben por un posible incremento do crédito orzamentario destinado a estas subvencións. Para estes efectos, poderán realizarse sucesivas propostas de resolución ata o 15 de decembro de 2026.

#### Artigo 17. *Criterios de valoración*

1. A Comisión valorará as solicitudes consonte os seguintes criterios:

1.1. Polo emprego feminino xerado, por conta propia ou por conta allea de carácter indefinido, co proxecto empresarial obxecto da axuda que se solicita, ata un máximo de 40 puntos, segundo o seguinte:

- a) Un posto de traballo para mulleres: 10 puntos.
- b) Dous postos de traballo para mulleres: 20 puntos.
- c) Tres postos de traballo para mulleres: 30 puntos.
- d) Catro ou máis postos de traballo para mulleres: 40 puntos.

Para estes efectos, só se terán en conta os postos creados desde o 14 de agosto de 2025 e os que, de ser o caso, se comprometan a crear ata a data do fin do prazo de xustificación. No caso dos postos por conta allea, só se terán en conta os incluídos no anexo II.

1.2. Pola pertenza a sectores económicos masculinizados: 10 puntos.

Para estes efectos, teranse en conta os datos de afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo réxime, ramas de actividade e sexo. Galicia, decembro de 2025. Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE), que se poden consultar no portal web <https://igualdade.xunta.gal/>



Entenderase que se trata dunha actividade encadrada nun sector económico masculinizado cando a diferenza porcentual entre o número de homes e o número de mulleres sexa de, polo menos, 20 puntos.

1.3. Pola contribución á integración laboral, co proxecto para o cal se solicita a axuda, de mulleres maiores de 55 anos (para estes efectos, tomarase como referencia a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes); mulleres con discapacidade cun grao recoñecido igual ou superior ao 33 %; mulleres vítimas de violencia de xénero; desempregadas de longa duración (para estes efectos, entenderase que están nesta situación as que leven máis de doce meses sen ocupación na data de inicio da actividade laboral e esta alta laboral se produza a partir do 14 de agosto de 2025). Ata un máximo de 8 puntos, 2 puntos por cada unha destas situacións que concorran na traballadora por conta propia ou por conta allea.

Estas circunstancias deberán acreditarse documentalmente.

1.4. Por tratarse dunha actividade empresarial dedicada á prestación de servizos de conciliación (servizos de atención e coidado de persoas dependentes a cargo), ata 10 puntos, segundo a poboación do concello onde se desenvolva a actividade empresarial:

- a) Ata 5.000 habitantes: 10 puntos.
- b) De 5.001 a 10.000 habitantes: 9 puntos.
- c) De 10.001 a 15.000 habitantes: 8 puntos.
- d) De 15.001 a 20.000 habitantes: 7 puntos.
- e) Máis de 20.000 habitantes: 6 puntos.

Para estes efectos, teranse en conta as cifras oficiais de poboación en 1 de xaneiro de 2025, fonte IGE.

Para a aplicación deste criterio, terase en conta o lugar onde se desenvolve a actividade segundo os datos que figuren na certificación de situación no censo de actividades económicas da AEAT (alta no IAE). No caso de que non figure a localización do establecemento comercial ou de produción, terase en conta o domicilio fiscal.



1.5. Pola localización da actividade empresarial, ata un máximo de 17 puntos de acordo co seguinte:

1.5.1. Pola poboación do concello segundo as cifras oficiais de poboación en 1 de xaneiro de 2025 (fonte IGE), ata un máximo de 10 puntos, de acordo coa seguinte escala:

- a) Ata 5.000 habitantes: 10 puntos.
- b) De 5.001 a 10.000 habitantes: 9 puntos.
- c) De 10.001 a 15.000 habitantes: 8 puntos.
- d) De 15.001 a 20.000 habitantes: 7 puntos.
- e) De 20.001 a 40.000 habitantes: 6 puntos.
- f) Superior a 40.000 habitantes: 5 puntos.

As cifras oficiais de poboación en 1 de xaneiro de 2025 poderanse consultar no portal web <https://igualdade.xunta.gal/>

1.5.2. Pola implantación ou funcionamento da iniciativa empresarial nun concello emprendedor: 5 puntos.

A listaxe de concellos emprendedores de Galicia pódese consultar na seguinte ligazón: <https://economia.xunta.gal/concellos-emprendedores>

1.5.3. Pola implantación ou funcionamento da iniciativa empresarial nalgún dos concellos gravemente afectados pola vaga de incendios forestais no ano 2025: 2 puntos.

A listaxe de concellos afectados pola vaga de incendios forestais no ano 2025 pódese consultar no portal web <https://igualdade.xunta.gal/>

Para a aplicación destes tres criterios relativos á localización da actividade empresarial, terase en conta o lugar onde se desenvolve a actividade segundo os datos que figuren na certificación de situación no censo de actividades económicas da AEAT (alta no IAE). No caso de que non figure a localización do establecemento comercial ou de produción, terase en conta o domicilio fiscal.



1.6. Emega Innova: os proxectos empresariais presentados ao abeiro da modalidade Emega Innova que cumpran os requisitos establecidos no artigo 8 serán valorados automaticamente cunha puntuación de 15 puntos, tendo en conta que estes proxectos supoñen a creación de emprego cualificado e o desenvolvemento de produtos ou servizos de carácter innovador e con alto contido científico e/ou tecnolóxico.

2. No suposto de que máis dunha solicitude obteña a mesma puntuación e non sexa posible por razóns orzamentarias adxudicar axuda a todas elas, para os efectos de resolver o desempate, terase en conta a puntuación obtida en cada criterio de valoración, seguindo a orde na cal figuran relacionados no punto anterior, empezando polo primeiro, ata que se produza o desempate; no caso de persistir, a preferencia será determinada pola data e a hora de presentación da solicitude.

#### Artigo 18. *Resolución e notificación*

1. Correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, por delegación da conselleira de Política Social e Igualdade e logo da fiscalización da Intervención, a competencia para a concesión das axudas económicas mediante a correspondente resolución.

2. O prazo para resolver e notificar será de catro meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada.

3. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva e de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a resolución destas subvencións serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a cal producirá os mesmos efectos da notificación. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, as beneficiarias, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada, así como as solicitudes desestimadas, con expresión sucinta dos motivos da desestimación.

Na resolución de concesión farase constar que os incentivos quedan sometidos ao réxime de *minimis*.

Ao abeiro do establecido no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no caso das agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, os compromisos de execución asumidos por cada persoa membro da agrupación, así como o importe da subvención que se aplicará por cada unha delas, serán os derivados do grao de



participación na entidade segundo conste no seu documento de constitución e no anexo I de solicitude.

En todo caso, deberá notificarse a cada beneficiaria un documento en que se establezan as condicións da axuda. Na resolución de concesión constará a información sobre o cofinanciamento polo programa FSE+ Galicia 2021-2027 e a correspondente porcentaxe, con indicación do obxectivo político, a prioridade, o obxectivo específico e a medida. Así mesmo, figurará a identificación da beneficiaria, a contía da subvención e as obrigas que lle correspondan, os requisitos específicos relativos aos produtos ou aos servizos que deben entregarse ou prestarse, o plan de financiamento, o prazo de execución, o método que se aplicará para determinar os custos da operación e as condicións de pagamento da axuda, así como os demais requisitos previstos na normativa comunitaria para a selección de operación que debe conter o documento polo que se establecen as condicións da axuda (DECA). Tamén se informará a beneficiaria, cando proceda, de que a aceptación da subvención podería implicar a súa aparición na lista de operacións que se publique nos termos establecidos no artigo 49.3 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.

4. Unha vez notificada a resolución de concesión da subvención, a beneficiaria deberá comunicar no prazo de dez (10) días hábiles a súa aceptación, e comprometerse a executar a actuación subvencionada no prazo e condicións establecidas na convocatoria, no modelo anexo VII. No caso de non comunicar este aspecto no prazo indicado, entenderase tacitamente aceptada.

5. As notificacións de resolucións e de actos administrativos distintas das previstas no número 3 deste artigo e no artigo 15 desta orde efectuarase só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

7. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico ha-



bilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

8. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

9. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 19. *Réxime de recursos*

As resolucións expresas ou presuntas ditadas ao abeiro desta orde porán fin á vía administrativa e contra elas poderá interperse recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ben recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución.

#### Artigo 20. *Modificación da resolución*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. O órgano competente para a concesión destas axudas, nos supostos que proceda, poderá acordar a modificación da resolución por instancia da persoa beneficiaria e coa debida antelación. Estas bases habilitan para aprobar, nos supostos que proceda, as modificacións atendendo aos obxectivos e requisitos da convocatoria e demais normativa aplicable.



**Artigo 21. Prazo e xustificación da subvención**

1. As beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa da subvención concedida coa data límite que figure na resolución de concesión, e que, en todo caso, non excederá o 15 de decembro de 2026.

2. A xustificación dos incentivos previstos nesta convocatoria realizarase a través da modalidade de custos simplificados, segundo o previsto nos artigos 53.1.b) e 53.3.a).i) do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.

3. Dentro do prazo establecido no número 1 anterior, deberán presentar a seguinte documentación:

a) Anexo VIII: solicitude de pagamento en que se inclúe tamén a declaración de axudas actualizada da persoa física ou xurídica beneficiaria da axuda.

b) Anexo III: as comunidades de bens, as entidades sen personalidade xurídica e as sociedades civís deben presentar a declaración de axudas de cada unha das promotoras a título persoal.

c) De ser o caso, anexo IX: relación das traballadoras por conta allea que ocupan os postos tidos en conta para a determinación da contía da axuda.

Esta relación deberá ir acompañada da seguinte documentación:

c.1) Contratos de traballo das traballadoras tidas en conta para a concesión da axuda.

c.2) Informe de vida laboral actualizado de todos os códigos de cotización da empresa.

c.3) Para o caso de que se tivese en conta na valoración da solicitude, documentación acreditativa da concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 17.1.3.

Para estes efectos, a situación de desemprego de longa duración acreditarase achegando o informe da vida laboral emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social da correspondente traballadora por conta allea; a situación de discapacidade igual ou superior ao 33 %, mediante a presentación de copia da certificación acreditativa desta condición cando esta non fose emitida pola Xunta de Galicia; e a de violencia de xénero mediante a presentación da documentación acreditativa desta situación segundo o previsto no artigo 5



da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

d) De ter concedida a axuda Concilia-persoas traballadoras por conta allea na modalidade prevista no artigo 9.3.a), para o caso de non telo presentado coa solicitude da axuda, copia do acordo/pacto de conciliación ou do plan de igualdade vixente.

e) De ter concedida a axuda Concilia-persoas traballadoras por conta allea na modalidade prevista no artigo 9.3.b), para o caso de non telo presentado coa solicitude da axuda, copia dos acordos de teletraballo.

f) Acreditación documental, material e/ou gráfica (fotografías, capturas de pantalla...) do cumprimento das obrigas de visibilidade, transparencia e comunicación do financiamento público da actividade subvencionada, segundo o establecido no artigo 23.10.

g) Follas individualizadas de recollida de datos de todas as promotoras e traballadoras por conta allea tidas en conta para a concesión da axuda no modelo dispoñible no portal web <https://igualdade.xunta.gal/>, co obxecto, entre outros, de dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de realización e de resultados previstos no artigo 17 do Regulamento (UE) nº 2021/1057, obriga recollida no artigo 23.11.

Estes datos achegaranse, obrigatoriamente, no correspondente modelo que figura no portal web <https://igualdade.xunta.gal/> e/ou na aplicación informática Participa2127 (<https://participa2127.conselleriadefacenda.gal/Participa2127>).

h) Anexo IX.bis (comprobación de datos das traballadoras por conta allea): consulta dos datos incluídos no certificado do grao de discapacidade emitido pola Xunta de Galicia cando esta circunstancia lle sexa de aplicación.

4. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a beneficiaria para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez (10) días hábiles, advertíndolle que, de non o facer, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.



5. Unha vez recibida a documentación xustificativa, a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación que considere oportunas para verificar o cumprimento da conduta ou actividade subvencionada.

6. Antes de proceder ao pagamento da liquidación final, o órgano xestor incorporará ao expediente a acreditación de que as beneficiarias están ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración da Comunidade Autónoma.

### Artigo 22. *Pagamento da subvención*

1. As beneficiarias poderán percibir un primeiro pagamento do 80 % da subvención concedida en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo a partir da presentación da aceptación da subvención e sempre que o soliciten expresamente mediante a presentación da comunicación de aceptación da subvención e anticipo (anexo VII).

De conformidade co establecido no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as beneficiarias que soliciten un primeiro pagamento en concepto de anticipo quedan exoneradas da constitución de garantías.

2. Unha vez presentada a xustificación procederase ao libramento único, se a aceptación foi tácita, ou final da axuda concedida pola contía que corresponda, deducido, de ser o caso, o importe aboado en concepto de anticipo.

3. Procederá a minoración do importe da subvención concedida ou, de ser o caso, a perda do dereito ao seu cobramento nos supostos e nos termos establecidos no artigo 25, así como nos demais supostos previstos na normativa de aplicación relacionada no artigo 29.

### Artigo 23. *Obrigas das beneficiarias*

As beneficiarias deberán cumprir, en todo caso, cos requisitos e as obrigas exixidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como coas condicións e coas obrigas establecidas nesta orde e demais que resulten exixibles segundo a normativa de aplicación, en particular, as seguintes:

1. Realizar a actividade e manter o emprego que fundamenta a concesión da subvención durante o período mínimo de permanencia de dezaioito (18) meses establecido no artigo 24.



2. Manter a vixencia do plan de igualdade, dos pactos de conciliación e dos acordos de teletraballo durante o período mínimo de permanencia da actividade e do mantemento do emprego.

3. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos, das condicións e das obrigas que resultan da normativa de aplicación, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión da subvención.

4. Estar ao día no pagamento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a dítarse a proposta de resolución de concesión, así como antes de realizar as correspondentes propostas de pagamento da subvención.

No caso das sociedades civís, entidades sen personalidade xurídica e comunidades de bens, esta obriga esténdese a todas as socias ou comuneiras.

5. Comunicar ao órgano concedente todas as modificacións das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas beneficiarias.

6. Comunicar ao órgano concedente a solicitude e a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade que financien a actividade subvencionada ou sometida ao réxime *de minimis*.

7. Manter rexistros contables independentes ou empregar códigos de contabilidade apropiados para todas as transaccións relacionadas coa operación, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría suficiente sobre os gastos financiados con fondos do programa FSE+ Galicia 2021-2027.

8. Conservar todos os documentos xustificativos relacionados coa operación que reciba axuda do FSE+ durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que a autoridade de xestión do programa FSE+ Galicia 2021-2027 efectúe o último pagamento á persoa beneficiaria do fondo, nos termos establecidos no artigo 82 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.

9. Dar cumprimento á obriga de dar adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento



do artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e das medidas de visibilidade, transparencia e comunicación establecidas no Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021. En particular, de conformidade cos artigos 47 e 50 do devandito regulamento, nos espazos en que se desenvolvan as actuacións contarán co emblema da Unión Europea xunto coa declaración «Cofinanciado pola Unión Europea». Igualmente, nos lugares de realización da actuación informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica equivalente con información sobre a operación nun lugar ben visible para o público. Tamén se fará unha breve descrición da actuación na páxina web e nas contas nos medios sociais, no caso de dispoñer delas, mencionando os obxectivos e os resultados, e destacando a axuda financeira da Unión Europea.

Ademais, en todos os documentos e os materiais de comunicación relacionados coa execución da actuación, destinados ao público ou ás persoas participantes, proporcionarase unha declaración que saliente a axuda da Unión Europea de xeito visible.

Na páxina web da Consellería de Política Social e Igualdade (<https://igualdade.xunta.gal/>) está dispoñible a información, os emblemas da Unión Europea e do órgano concedente, así como un modelo coas características do cartel, os emblemas e o contido de obrigada inclusión.

10. Informar as persoas destinatarias de que as actuacións en que participan están cofinanciadas pola Xunta de Galicia (Consellería de Política Social e Igualdade) e pola Unión Europea. Os emblemas deberán figurar, como mínimo, en todo o material e nos documentos que se utilicen ou lles entreguen ás persoas participantes.

11. Realizar as actuacións precisas para recoller a información suficiente relativa ao desenvolvemento da prestación que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de realización e de resultados previstos no artigo 17 do Regulamento (UE) nº 2021/1057.

Os datos dos indicadores de realización relativos ás beneficiarias e ás traballadoras por conta propia e por conta allea tidas en conta para a concesión da axuda do programa Eme-ga referiranse á data inmediatamente anterior ao inicio da vinculación da participante coa actuación subvencionada e deberán achegarse nos termos indicados nos artigos 21.3.g) e 24.3. Os indicadores de resultado inmediato deberán referirse ao período comprendido entre o día posterior ao da finalización do período de permanencia da actividade e do mantemento do emprego e as catro semanas seguintes, e deberán achegarse nos termos



indicados nos números 3 e 5 no artigo 24. Así mesmo, a Administración poderá requirir a actualización destes datos no prazo de seis meses desde que finalice o período de permanencia da actividade e do mantemento do emprego, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no Regulamento (UE) nº 2021/1057, do 24 de xuño, relativo ao Fondo Social Europeo Plus (FSE+).

12. Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Política Social e Igualdade; ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión ou seguimento do programa FSE+ Galicia 2021-2027, nos termos establecidos no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, que incorporarán as correspondentes visitas sobre o terreo; ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma; ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas; ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

13. Asumir a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como comunicar á Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade os casos de sospeitas de fraude.

*Artigo 24. Obriga de permanencia mínima da actividade empresarial e do mantemento do emprego*

1. As beneficiarias das axudas do programa Emega teñen a obriga de realizar a actividade empresarial e manter os postos de traballo tidos en conta para a concesión da subvención durante un período mínimo de dezoito (18) meses. Así mesmo, os plans de igualdade, os acordos ou pactos de conciliación e os acordos de teletraballo deben estar vixentes, polo menos, durante o mesmo período.

2. Nas modalidades Emega Emerxe e Emega Innova o período mínimo de permanencia computarase desde a data de inicio da actividade laboral das promotoras ou desde a data de inicio da actividade laboral das traballadoras por conta allea, de ser esta posterior.

No caso da modalidade Emega Impulsa, o período computarase desde a data de notificación da resolución de concesión da subvención ou desde a data do inicio da actividade laboral das traballadoras incorporadas aos postos de traballo creados, de ser esta posterior.



3. Para o caso de que algunha das traballadoras tidas en conta para a concesión da axuda cause baixa na empresa, sempre que volva ocupar o posto de traballo unha muller no prazo máximo de dous meses, non se considerará interrompido o período mínimo de mantemento do emprego. En todo caso, a beneficiaria deberá comunicar estas circunstancias ao órgano concedente e achegar a seguinte documentación:

– Informe de vida laboral actualizado do/dos código/s de cotización da empresa en que consten todos os contratos vinculados á axuda.

– Folla de indicadores de resultado inmediato da traballadora que causou baixa na empresa.

– Contrato de traballo da nova traballadora que substitúe a anterior.

– Folla individualizada de recollida de datos da nova traballadora.

En casos debidamente xustificadas, admitiranse aquelas substitucións realizadas con anterioridade á baixa da traballadora, sempre e cando estas se produzan non máis aló dos 30 días naturais inmediatamente anteriores á dita baixa.

4. No suposto de darse de baixa na actividade económica con anterioridade á finalización do período de permanencia, deberá comunicar esta circunstancia ao órgano concedente no prazo máximo dos 15 días hábiles seguintes á data en que se produza.

5. As beneficiarias deben presentar dentro do primeiro trimestre de cada ano, durante o período de permanencia da actividade e do mantemento do emprego, así como ao rematar este, para os efectos da comprobación da actividade e da súa permanencia como mínimo de dezaoto (18) meses, a seguinte documentación:

a) Informe de vida laboral actualizado de todos os códigos de cotización da empresa en que consten todos os contratos vinculados á axuda.

b) Informe actualizado de vida laboral emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social de todas as promotoras ou, de ser o caso, certificado da mutualidade do colexio profesional con indicación dos períodos de alta nela.

c) No caso de finalización do período mínimo de permanencia da actividade laboral e do mantemento do emprego, ademais da documentación anterior, deberán presentar as fichas individualizadas de todas as promotoras e traballadoras por conta allea tidas en conta para



a concesión da axuda, cos datos dos indicadores de resultado inmediato referidos ao período comprendido entre o día posterior á finalización do período mínimo de permanencia da actividade laboral e do mantemento do emprego e as catro semanas seguintes. Estes indicadores de resultado inmediato achegaranse no modelo obrigatorio publicado no portal web <https://igualdade.xunta.gal/> e/ou na aplicación informática de rexistro e almacenamento dos datos de indicadores que poña á disposición o organismo intermedio do programa FSE+ Galicia 2021-2027. Así mesmo, tamén terán que presentar aqueloutra documentación que lle poida ser requirida co obxecto de realizar as comprobacións e as verificacións que se consideren relevantes para a constatación do cumprimento do disposto nesta orde.

### Artigo 25. *Reintegro e sancións*

1. O incumprimento das obrigas contidas nesta orde e na normativa xeral de aplicación, en particular nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como das condicións que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á perda do dereito ao cobramento, ao reintegro total ou parcial das axudas percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. De acordo co establecido no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade da minoración ou do reintegro serán os seguintes:

a) Procederá o reintegro total da axuda percibida, máis os xuros de demora, sen prexuízo da incoación de expediente sancionador e demais responsabilidades en que poida incurrir a beneficiaria, no caso de non comunicar a obtención doutras axudas concorrentes para a mesma finalidade ou sometidas ao réxime *de minimis* que financien as actuacións subvencionadas.

b) Procederá o reintegro do 10 % da axuda percibida no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a solicitude doutras axudas para a mesma finalidade ou sometidas ao réxime *de minimis*.

c) Procederá a perda do dereito ao cobramento da subvención concedida no suposto de non estar ao día no pagamento nas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social.



d) Procederá o reintegro parcial da axuda concedida ao abeiro das modalidades Emega Emerxe, Impulsa ou Innova no caso de non cumprir a obriga establecida no artigo 24 de manter a actividade durante o período mínimo de dezaioito (18) meses, agás cesamento por causas alleas á súa vontade, o cal deberá acreditar fidedignamente, e se aproxime de xeito significativo a ela. Para estes efectos, entenderase que se aproxima de xeito significativo ao cumprimento desta obriga cando se manteña a actividade durante polo menos doce (12) meses e a beneficiaria acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos. A contía que se reintegrará será proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos dezaioito meses.

Noutro caso, procederá o reintegro total da axuda concedida por todos os conceptos.

e) O incumprimento do compromiso de achegar o plan de igualdade vixente, o acordo ou o pacto de conciliación ou, de ser o caso, os acordos de teletraballo dará lugar á perda do dereito ao cobramento da subvención concedida por ese concepto.

Cando o número de acordos de teletraballo sexa inferior ao tido en conta para a determinación da contía da axuda, procederá a súa minoración ata a contía que corresponda segundo o establecido no artigo 9.3.

f) Nas modalidades Emega Emerxe, Impulsa e Innova, cando se incumpra o compromiso de creación e de mantemento de todos os postos de traballo para mulleres tidos en conta para a valoración da solicitude e para a determinación da contía do incentivo, a axuda minorarase adecuándoa ao incentivo que corresponda aos postos de traballo efectivamente xustificadas, sempre que o dito incumprimento non supoña unha puntuación inferior á mínima resultante para acceder á axuda de acordo cos criterios e pautas de valoración establecidos no artigo 17, caso en que procederá a perda do dereito ao cobramento da subvención.

Así mesmo, para o caso de que o incumprimento non implique un incentivo inferior ao inicialmente previsto e se manteña unha puntuación non inferior á mínima resultante para acceder á axuda, a contía do incentivo minorarase nun 3 % por cada posto de traballo non xustificado.

Estes mesmos criterios de gradación tamén serán de aplicación durante o período de permanencia mínimo exixido para determinar a contía que, de ser o caso, proceda reintegrar. Non obstante, cando o incumprimento do mantemento dalgún dos postos de traballo tidos en conta para a concesión se producise por causas alleas á vontade da beneficiaria, o



cal deberá acreditar fidedignamente, e sempre e cando os ditos postos estivesen ocupados polo menos durante doce (12) meses contados desde o inicio do período de permanencia, a contía que se deberá reintegrar será proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos dezoito (18) meses, tomando como base para o cálculo do reintegro a contía percibida en exceso respecto do incentivo que efectivamente lle corresponde.

g) Así mesmo, procederá a minoración dun 2 % sobre a contía total da axuda percibida no caso de incumprimento dalgunha das obrigas recollidas no artigo 23, números 5, 7, 8, 9 e 10.

h) Procederá a minoración dun 2 % sobre a contía do incentivo percibido no caso de non presentar algunha das follas de indicadores de realización ou de resultado inmediato das/das promotoras/s ou da/das traballadora/s por conta allea vinculadas á axuda, agás que este feito se produza por causas alleas á vontade da beneficiaria, o cal deberá acreditar fidedignamente.

3. Ás beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento.

#### Artigo 26. *Devolución voluntaria da subvención*

De acordo co establecido no artigo 64 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta ES82 2080 0300 8731 1006 3172, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente unha copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e a denominación da subvención concedida.

#### Artigo 27. *Control*

1. O órgano concedente poderá levar a cabo as actividades de control que considere oportunas para a comprobación do cumprimento das condicións das axudas reguladas nesta convocatoria.

2. Todas as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nos termos que establece o



título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás que correspondan a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea.

3. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco desta convocatoria poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Anti-fraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto e nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 3 de abril, do citado servizo, no seguinte enderezo: <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Paginas/ComunicacionSNCA.aspx>. En canto non se habilite outra canle específica para o programa FSE+ Galicia 2021-2027, os devanditos feitos poderán poñerse en coñecemento a través do seguinte enderezo: <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>

#### Artigo 28. *Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co previsto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase a información necesaria á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

#### Artigo 29. *Marco normativo*

1. As solicitudes, a tramitación e a concesión das subvencións axustaranse ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; na Lei 9/2007, do 13 xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro; no que resulte de aplicación, a Lei 38/2003, do 27 de novembro, e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e ao disposto nesta orde.

2. Dado que esta convocatoria está cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, tamén é de aplicación e dáse debido cumprimento ao previsto no Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as



normas financeiras para os ditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de apoio financeiro á xestión de fronteiras e a política de visados; no Regulamento (UE) nº 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, polo que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo que se derroga o Regulamento (UE) nº 1296/2013, e na Orde TES/106/2024, do 8 de febreiro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo Plus durante o período de programación 2021-2027.

### Artigo 30. *Información ás persoas interesadas*

Sobre o procedemento administrativo asociado a esta convocatoria (SI429A), poderase obter documentación normalizada ou información adicional a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>, ou no portal de Igualdade, <http://igualdade.xunta.gal>, nos teléfonos 881 99 55 38 e 981 54 53 56 ou presencialmente.

### Disposición adicional única. *Delegación de competencias*

Autorízase expresamente a persoa titular da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade para actuar por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade para resolver a concesión, a denegación, a modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamentos, en relación co disposto no artigo 73 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

### Disposición derradeira primeira. *Habilitación para ditar instrucións*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade para ditar, no ámbito das súas competencias, as instrucións precisas para o desenvolvemento desta convocatoria, as cales serán obxecto de publicación no portal de Igualdade.

### Disposición derradeira segunda. *Inicio de efectos da convocatoria*

Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2026

Fabiola García Martínez  
Conselleira de Política Social e Igualdade



PROCEDEMENTO PROGRAMA EMEGA	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO <b>SI429A</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
--------------------------------	---	-------------------------

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

**IDENTIFICACIÓN**

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**ENDEREZO**

PAÍS

